



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

(1)

A violencia machista é un dos máis graves problemas ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Nos últimos tempos fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo de mobilización e concienciación dos diferentes movementos de mulleres. Porén temos que seguir avanzando, tamén nas institucións, e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visible do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente.

(2)

É preciso reparar e enfrontar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física ata outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade ata a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, por teren as peores taxas de desemprego e precariedade, padeceren a desigualdade salarial e ocuparen a maioría dos traballos non asalariados. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

(3)

A loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións de todos os niveis de goberno polo que é preciso un consenso institucional, político e social así como a coordinación entre as diferentes administracións con competencia na materia. Para acadala é preciso comprometer as institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Só no que vai de 2018 foron asasinadas en España, 43 mulleres e 8 menores, só en Galicia tres mulleres, unha situación insostible para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida.

(4)

Nos últimos anos somos testemuñas dos notables avances producidos neste eido, desde a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ata o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que supuxo un grande avance na unión de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións na formulación de medidas para erradicación da violencia de xénero.

(5)

Neste prevíase o reparto dos 100 millóns destinados á loita contra a violencia machista, correspondentes ás Comunidades e cidades autónomas, a distribución do fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros e a aprobación dos criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

(6)

O Real Decreto-lei 9/2018, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, publicado o 3 de agosto, inclúe a recuperación por parte dos concellos de competencias na materia, relacionadas coa promoción de actuacións de igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. É preocupante que dita competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade.

(7)

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela **ACORDA:**

1.-Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego durante o 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas

(8)

2.-Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero

3.-Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social

(9)

4.-Demandar ao órgano competente do Goberno do Estado a creación dunha unidade de violencia machista específica na Comunidade Autónoma encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista para impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como forma de violencia machista e garantir formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial

5.-Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programar dirixidos á erradicación da violencia de xénero